



100 anos despois: Emilia Pardo Bazán



XUNTA
DE GALICIA



Índice

1. Introducción: sobre Emilia Pardo Bazán	3
2. Exposicións.....	5
2.1. Exposición: Emilia Pardo Bazán. O reto da modernidade	5
2.2. Exposición: Emilia Pardo Bazán no Museo de Belas Artes da Coruña.....	6
2.3. Exposición: Dona Emilia e Compostela.....	7
2.4. Exposición: Cen anos sen Emilia	8
2.5. Exposición: Centenario de Emilia Pardo Bazán na Biblioteca de Galicia	9
3. Congresos e reunións científicas.....	10
3.1. Congreso Internacional: Emilia Pardo Bazán, cen anos despois	10
3.2. Congreso internacional: Emilia Pardo Bazán no seu Centenario.....	11
4. Publicacións.....	12
4.1. Libro: "Pardo Bazán en 50 obxectos e lugares"	12
4.2. Revista: "Boletín do Museo de Belas Artes da Coruña"	12
4.3. Libro: "Movendo os marcos do patriarcado. O pensamento feminista de Emilia Pardo Bazán"	13
4.4. Libro: "Emilia Pardo Bazán, periodismo e Marineda. Selección de textos periodísticos"	14
5. Actividades de formación e difusión	15
5.1. Programación das bibliotecas de xestión da Xunta de Galicia.....	15
5.2. Galiciana. Biblioteca Dixital de Galicia.....	18
5.3. Producción escénica "Cigarreiras (relendo A Tribuna)".....	20

1. Introducción: sobre Emilia Pardo Bazán

Novelista, ensaísta, xornalista, poeta, dramaturga, tradutora, editora e profesora, a **Emilia Pardo Bazán** (A Coruña, 1851 - Madrid, 1921) débese a introdución do naturalismo francés na literatura española. Coetánea de Vitor Hugo ou Zola en Francia e de Galdós, Clarín e Varela en España, Emilia Pardo Bazán foi quen de retratar sen prexuízos a realidade social de España en obras como *Los Pazos de Ulloa*, *La madre naturaleza* ou *La cuestión palpitante*.

Grazas a ela, coñecemos mellor o **movemento ilustrado** representado por figuras sobranceiras, como Feijóo Montenegro, Sarmiento e Cornide Saavedra, de quen foi discípula. A súa figura pasou á historia como a dunha intelectual galega capaz de antepoñer o seu amor pola cultura, pola lectura e pola escritura, ao devir tradicionalmente reservado ás mulleres aristócratas da época. Foi unha muller adiantada ao seu tempo: unha muller que participou activamente en actividades, debates e tarefas intelectuais e literarias só reservadas para homes.



Firme defensora da educación das mulleres e da súa participación en todo tipo de actividades públicas, levou este pensamento á Universidade Central de Madrid, converténdose na primeira muller catedrática desta institución, pero tamén ao Ateneo de Madrid, onde exerceu a presidencia da sección de literatura durante varios anos. Tamén en Roma e en París, como a **primeira muller** que foi **corresponsal de cabeceiras** tales como *La Época* ou *La España moderna*.

Porque Emilia Pardo Bazán integra **xunto con Rosalía de Castro, Concepción Arenal e Juana de Vega**, un movemento de mulleres galegas que alzaron a súa voz contra unha sociedade que as agochaba.

É unha das mellores escritoras da literatura española da época (entre o último terzo do XIX e as primeiras décadas do XX). Conectou o debate intelectual español con algunhas das tendencias europeas máis significativas: de Francia, Alemaña e Rusia, entre outros.

A conmemoración en 2021 do centenario do pasamento de Emilia Pardo Bazán (16 de setembro de 1851 - 12 de maio de 1921) permitirá dar a coñecer na súa xusta dimensión a figura multifacética desta escritora galega, a través de actividades que garantan a atención da cidadanía sobre un personaxe tan completo e paradigmático como este. Entre estas, pódense destacar:

- Unha **gran exposición**, que itinerará de Madrid á Coruña.
- Unha **exposición de rúa itinerante en Galicia**.
- Dous **congresos internacionais** coas tres universidades galegas.
- Unha **mostra específica** no Museo de Belas Artes da Coruña.
- Actividades de **divulgación** e de difusión nos arquivos e na rede de bibliotecas públicas de Galicia.
- A divulgación de **publicacións**.

2. Exposicións

2.1. Exposición: Emilia Pardo Bazán. O reto da modernidade

Prevista a súa inauguración en Madrid, o 8 de xuño de 2021, esta exposición está coproducida pola Biblioteca Nacional de España (BNE), a Xunta de Galicia, Acción Cultural Española (ACE) e a Comunidade de Madrid, e conta coa colaboración da Real Academia Galega (RAG) e do Concello da Coruña.

Comisariada por Isabel Burdiel, catedrática da Universidade de Valencia, ten como obxectivo dar a coñecer o universo multifacético, europeo e transnacional de Emilia Pardo Bazán, por medio dunha colección introspectiva á vez que de gran valor documental, simbólico e historiográfico, composta por máis de duascenas pezas, que integran: libros impresos, manuscritos, gravados, estampas e fotografías procedentes tanto da BNE como doutras institucións.

Organizan:

- Biblioteca Nacional de España | Xunta de Galicia | Acción Cultural Española | Comunidade de Madrid

Colaboran:

- Real Academia Galega | Concello da Coruña.

Comisaria:

- Isabel Burdiel, catedrática da Universidade de Valencia

Lugares:

- BNE (Madrid).
- Kiosco Alfonso (A Coruña).

Datas:


- Do 9 de xuño ao 26 de setembro de 2021 (Madrid).
- Do 22 de outubro ao 18 de decembro (A Coruña).

2.2. Exposición: Emilia Pardo Bazán no Museo de Belas Artes da Coruña

Programada para o outono de 2021, esta exposición recolle os obxectos procedentes das doazóns realizadas por María de las Nieves Quiroga y Pardo Bazán (filla de Pardo Bazán) e por María Esteban-Collantes y Sandoval (irmá da nora de Pardo Bazán). As pezas, que pertenceron á escritora, e que forman parte do fondo de colección do museo, contextualízanse con diferentes textos, fotografías da época, audiovisuais e outros soportes multimedia. Destácanse: manuscritos do século XIII, retratos do século XVIII e XIX, así como varios obxectos artísticos e decorativos datados entre os séculos XIII e XIX (tapices, alfaias, misais, escribanías, etc.)



Fachada do Museo de Belas Artes de A Coruña



Interior do Museo de Belas Artes de A Coruña

Organiza:

- Xunta de Galicia.

Lugar:

- Museo de Belas Artes da Coruña.

Data:

- Outono de 2021.

2.3. Exposición: Dona Emilia e Compostela

Comisariada por José Manuel González Herrán (USC) e Santiago Díaz Lage (UNED), o obxectivo deste proxecto é o de afondar nas vivencias de Emilia Pardo Bazán en Santiago de Compostela, así como a pegada que esta cidade tivo na súa obra. No Salón do Artesoado condensarase a sección, 'Emilia en Compostela (1866-1879)', recollendo unha escolma de documentos, imaxes e libros que narran a súa presenza, estadias, traballos e relacións persoais en Santiago. A segunda parte, 'Compostela na obra de Pardo Bazán (1880-1921)', localizarase na Capela e reflectirá a presenza de Compostela nos seus relatos, ensaios, artigos e crónicas xornalísticas.



Organiza:

- Ateneo de Santiago e Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Colabora:

- Xunta de Galicia.

Comisarios:

- José Manuel González Herrán (USC) e Santiago Díaz Lage (UNED).

📍 Lugar:

- Salón do Artesoado e Capela de Fonseca, en Santiago de Compostela.

📅 Datat:

- Do 4 de marzo ao 24 de abril de 2021.

2.4. Exposición: Cen anos sen Emilia

Comisariada por Xulia Santiso, conservadora da Casa Museo Pardo Bazán da Coruña, e documentada por Patricia Angulo Miró, esta exposición itinerante de rúa en varias cidades de Galicia ten como obxectivo principal a divulgación: enlazar o coñecemento académico como fonte principal e empregar a linguaxe axeitada para expoñer á cidadanía a rotundidade dun personaxe que aínda hoxe é o mais traducido da literatura galega.

Organiza:

- Xunta de Galicia.

Comisaria:

- Xulia Santiso, conservadora da Casa Museo Pardo Bazán da Coruña.

Lugares:

- Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

Datas:

- De xuño a decembro de 2021.

2.5. Exposición: Centenario de Emilia Pardo Bazán na Biblioteca de Galicia

Esta exposición estará comisariada por Noelia Básucas Ferreiro, xefa de servizo da Biblioteca de Galicia, e consistirá en poñer en valor a obra desta autora seleccionando unha escolma bibliográfica das obras máis senlleiras e representativas desta escritora universal, que tratan de afondar no seu contexto historiográfico, por medio dun proxecto expositivo, no vestíbulo do edificio do Arquivo e Biblioteca de Galicia na Cidade da Cultura.

Organiza:

- Xunta de Galicia.

Comisaria:

- Noelia Bascuas, xefa de servizo da Biblioteca de Galicia.

Lugar:

- Edificio do Arquivo e da Biblioteca de Galicia.

Datas:

- Do 2 de novembro de 2021 ao 29 de xaneiro de 2022.

3. Congresos e reunións científicas

3.1 .Congreso Internacional: Emilia Pardo Bazán, cen anos despois

Esta actividade científica, coordinada pola RAG, conta coa colaboración de varias unidades e grupos de investigación adscritos ao Sistema Universitario Galego (SUG), e asociándose a outras entidades internacionais, como é o caso do Brooklyn College da City University of New York, do Consello da Cultura Galega e da USC.

Organizan:

- José Manuel González Herrán (USC), Alejandro Alonso Nogueira (Brooklyn College, CUNY), Olivia Rodríguez González (UDC) e Santiago Díaz Lage (UNED, Madrid).

Datas:

- Do 25 ao 29 de outubro.

Lugares:

- A Coruña e Santiago de Compostela.

3.2. Congreso internacional: Emilia Pardo Bazán no seu Centenario

Investigadores das tres universidades galegas, agrupados nos grupos de investigación Pardo Bazán (USC), A Tribuna (RAG), DILEC (UDC), HISPANIA (UDC) e LITECOM (UDC), así como o Doutoramento Interuniversitario en Estudos Literarios (UVigo e UDC) e o Departamento de Letras da Universidade da Coruña, organizan este congreso na Coruña en setembro de 2021.

O obxectivo deste congreso non é soamente asediar a vida e a inxente obra pardobazaniana desde perspectivas historicistas ou biografistas, filolóxicas ou críticas. Trátase de aproveitar este Centenario para acercar a figura de Pardo Bazán ao lector actual e ao momento presente, para comprobar que o seu legado humano e literario segue sendo actual, que a súa mensaxe vital non perdeu vixencia.

Organiza:

- Coordinador: José María Paz Gago (UDC).

Datas:

- Do 22 ao 25 de setembro de 2021.

Lugares:

- Universidade da Coruña (UDC) e Fundación Barrié (A Coruña).

4. Publicacións

4.1. Libro: "Pardo Bazán en 50 obxectos e lugares"

Autora:

- Xulia Santiso, conservadora da Casa Museo Pardo Bazán da Coruña.

Edita:

- Xunta de Galicia.

 Data:

- Setembro 2021

4.2. Revista: "Boletín do Museo de Belas Artes da Coruña"

Edición e publicación dun número monográfico dedicado á exposición sobre Emilia Pardo Bazán, no Museo de Belas Artes da Coruña.

Edita:

- Xunta de Galicia.

 Data:

- Novembro 2021

4.3. Libro: "Movendo os marcos do patriarcado. O pensamento feminista de Emilia Pardo Bazán"

A colección 'Feminismos', iniciada en novembro de 2018 pola Editorial Galaxia, quere dar a coñecer múltiples perspectivas, que reflictan o pensamento igualitario e plural entre homes e mulleres. Neste caso Galaxia toma como referencia o pensamento ilustrado de Emilia Pardo Bazán da man das escritoras Marilar Aleixandre e María López Sande, coautoras desta publicación.

Edita:

- Editorial Galaxia.

Colabora:

- Xunta de Galicia.

Autoras:

- Marilar Alexandre e María López Sández



4.4. Libro: “Emilia Pardo Bazán, periodismo e Marineda. Selección de textos periodísticos”

.....

Esta obra hemerográfica compila os artigos de prensa sobre Marineda escritos por Emilia Pardo Bazán, inéditos, que nunca se publicaran e sendo de grande interese, dada a traxectoria xornalística da autora no plano nacional e internacional.

Edita:

- Asociación da Prensa da Coruña.

Colabora:

- Xunta de Galicia.



Data:

- Setembro 2021

5. Actividades de formación e difusión

5.1. Programación das bibliotecas de xestión da Xunta de Galicia

Biblioteca Pública da Coruña:

"A viaxe vital de Emilia Pardo Bazán", o 14 de maio de 2021, é un programa de conversas coordinadas pola escritora María Canosa, orientadas a un público infantil, xuvenil e adulto, sobre os enclaves referentes na obra da escritora na Coruña. Programado para o 14 de maio de 2021

"O reto dunha feminista da súa época: 1851-1921", do 12 ao 31 de maio de 2021, é unha mostra bibliográfica, destinada a todos os públicos, dunha parte da obra literaria de Emilia Pardo Bazán, dende a segunda metade do século XIX ata o primeiro terzo do século XX.

"A escaleira desigual", do 1 de maio ao 31 de decembro de 2021, é unha exposición de homenaxe a Emilia Pardo Bazán no seu centenario, consistente na colocación dun vinilado específico nos espazos abertos da biblioteca, que representan, a súa vez, unha selección de textos sobre a conciencia feminina, que produce Emilia Pardo Bazán na segunda metade do século XIX.

Biblioteca Pública de Lugo:

"Emilia Pardo Bazán, adiantada ao seu tempo", do 23 de abril ao 15 de maio de 2021, é unha exposición que recolle as obras de Emilia Pardo Bazán que forman parte do fondo patrimonial desta institución (publicadas antes do 1958) e que dan fe do valor histórico da colección da biblioteca (Fondo Montenegro, Fondo Menacho e Fondo Antigo). Integra novas edicións das obras e inclúe, tamén, un epistolario destinado a Benito Pérez Galdós.

"Emilia Pardo Bazán, unha mente poderosa", o 12 de maio de 2021, son conversas coa escritora María Canosa, orientadas a un público infantil, para dar a coñecer as ideas máis innovadoras da escritora, así como os seus postulados en prol das mulleres.

Biblioteca Pública de Pontevedra:

“Coñecendo a Emilia Pardo Bazán: escritora, periodista, feminista...”, do 3 ao 21 de maio de 2021, é unha mostra bibliográfica dunha serie de libros da escritora, tamén dispoñibles baixo a modalidade de préstamo que se acompañan dunha breve biografía e bibliografía, a modo de centro de interese bibliográfico, e destinados a un público xuvenil e adulto.

Biblioteca Pública de Santiago:

“Emilia Pardo Bazán, unha mente poderosa”, o 10 de maio de 2021, ofrece conversas coa escritora María Canosa, orientadas a un público infantil, para dar a coñecer as ideas máis innovadoras da escritora e os seus postulados en prol das mulleres.

“Centenario Emilia Pardo Bazán, 1851-1921”, do 10 de maio ao 30 de xuño de 2021, é unha mostra bibliográfica que recolle unha selección dos fondos bibliográficos sobre Emilia Pardo Bazán da Biblioteca Pública de Santiago, Ánxel Casal.

Biblioteca Pública de Vigo:

“Dona Emilia Pardo Bazán. Xenio e figura”, o 11 de maio de 2021, é un obradoiro de ilustración infantil, que quere achegar aos máis pequenos á figura e á obra de Emilia Pardo Bazán, por medio de diversas técnicas creativas.

“Emilia Pardo Bazán, unha vida de conto”, o 12 de maio de 2021, ofrece un contacontos e un obradoiro de ilustración a cargo do colectivo ‘Polo Correo do Vento’, orientado a un público infantil, para afondar na biografía e nos relatos de Emilia Pardo Bazán, poñendo a proba a creatividade dos máis cativos.

“Vigo, a cidade vista por Pardo Bazán”, do 3 ao 13 de maio de 2021, é a mostra dunha escolma de artigos sobre Emilia Pardo Bazán, onde se reflicten os principais escenarios e aspectos morfolóxicos da cidade de Vigo.

O naturalismo en “Os pazos de Ulloa”, o 12 de maio de 2021, e unha charla-colquio e debate impartido por Natalia Fernández Castro, sobre a obra *Los pazos de Ulloa*, no contexto do club de lectura da biblioteca.

Biblioteca Pública de Ourense:

“Movendo os marcos do patriarcado”, o 6 de maio de 2021, acolle un encontro coas escritoras Marilar Aleixandre e María López Sande para falar sobre a súa obra: *Movendo os marcos do patriarcado*. Participa Celia Pereira Porto, presidenta da Fundación Vicente Risco.

“Contando con Emilia Pardo Bazán”, o 27 de maio de 2021, é unha actividade de contacontos, no que, por medio de fábulas, relatos e cancións, Marisa Irimia achega aos pequenos a figura da gran escritora Emilia Pardo Bazán.

5.2. Galiciana. Biblioteca Dixital de Galicia.

Micrositio bibliográfico sobre Emilia Pardo Bazán

Creación e posta en produción dun micrositio, aloxado no dominio de 'Galiciana', que constará de 85 obras dixitalizadas, contendo unhas 1.700 páxinas aproximadamente.

Produtor:

- Biblioteca de Galicia.

Colabora:

- AMTEGA.

Datas de posta en liña:

- 12 de maio de 2021.

Web:

-  <https://biblioteca.galiciana.gal/>

Obra bibliográfica e memoria dixital de Emilia Pardo Bazán

Edición de dezasete publicacións dixitais, inéditas ata o momento, unhas 4.300 páxinas aproximadamente, da escritora Emilia Pardo Bazán, convertidas a formato epub.

- La tribuna: novela original.
- Arco Iris: cuentos.
- El cisne de Vilamorta.
- Cuentos sacro-profanos.
- De mi tierra.
- Un destripador de antaño.
- Hombres y mujeres de antaño.
- Jaime.
- La leyenda de la Pastoriza.
- Mi romería.
- Novelas ejemplares.
- La piedra angular.
- El príncipe amado (cuento).
- La prueba.
- La quimera.
- Sud-exprés (cuentos).
- Vida contemporánea.

Produtor:

- Biblioteca de Galicia.

Colabora:

- AMTEGA.

Datas de posta en liña:

- Novembro de 2021.

Web:



- <https://biblioteca.galiciana.gal/>

5.3. Producción escénica "Cigarreiras (relendo A Tribuna)"

A obra literaria "A Tribuna", unha das máis representativas da súa produción literaria, vai ser a base sobre a que se constrúe este espectáculo escénico, impulsado por Contraproducións (<http://www.contraproductions.com>), empresa galega dedicada á creación e distribución de espectáculos escénicos, conducida por Cándido Pazó (autor e director teatral), e Belén Pichel (xefa de produción); en coprodución co Teatro Romea de Barcelona, dirixido por Josep María Pou; coa empresa vasca Txalo Producciones; e coa empresa andaluza Histrión Teatro.



Datas:

- Estrea en galego 24-25 de setembro de 2021 na Coruña. Itinerancia noutras partes de Galicia (previsto, de momento, en Narón, Carballo, Arteixo, Santiago, Vigo e Ourense). A estrea en castelán prevista o 11 de febreiro do 2022 no Teatro Palacio Valdés de Avilés, facendo xira por España ata recalar o 26 de maio do 2022 no Teatro Romea de Barcelona.

A programación está suxeita á situación sanitaria polo tanto pode sufrir modificacións que se informaran na páxina web www.cultura.gal.



100 anos despois: Emilia Pardo Bazán

